


UD3. ACTIVIDADES PARA REALIZAR NA LIBRETA.

A ACTIVIDADE ECONÓMICA

1. Interpreta as imaxes e redacta un texto utilizando a información proporcionada polo esquema visual sobre a actividade económica.



2. Fai unha lista de cinco bens ou servizos que consumas. Indica que necesidade satisfai cada un deles.

Exemplo:

- Servizo de transporte escolar: levarme ao instituto e de volta a casa cada día.

3. Busca a definición de necesidade. Despois contesta ás preguntas de maneira completa.

Unha necesidade é :

- a) Son todas as necesidade humanas igual de importantes? Completa a túa resposta aportando algún exemplo.

- b) Inflúe a publicidade nas necesidade humanas? Razona a resposta.

4. Elixe un ben de consumo e fai unha lista dos factores de produción necesarios para a súa elaboración.

5. Clasifica ás seguintes persoas segundo sexan poboación activa ou inactiva: pensionistas, comerciantes, enfermeiros, estudantes, profesores, rendistas.

De onde obtén o diñeiro o Estado para pagar subsidios e rendas (axudas económicas) ou pensións á poboación?

O SECTOR PRIMARIO

6. A agricultura produtivista pode ocasionar problemas no medio ambiente. Busca cales poden ser no artigo *“Perspectivas para o medio ambiente. Agricultura e medio ambiente”* da web de FAO.

7. Fai un cadro comparativo como o que tes a continuación e apunta as principais características da agricultura e gandería. Consulta os apuntamentos para completar o cadro de maneira axeitada.

	AGRICULTURA	GANDERÍA
TRADICIONAL	Tipo de cultivo: Tecnoloxía: Técnicas agrícolas: Investimentos: Produtividade: Localización: Tipos:	Tipo de gando: Tecnoloxía: Técnicas agrícolas: Investimentos: Produtividade: Localización: Tipos:
PRODUTIVISTA	Tipo de cultivo: Tecnoloxía: Técnicas agrícolas: Investimentos: Produtividade: Localización: Tipos:	Tipo de gando: Tecnoloxía: Técnicas agrícolas: Investimentos: Produtividade: Localización: Tipos:

8. Explica o sentido desta frase:

“A plantación dunha árbore é unha das poucas acción humanas que poden considerarse verdadeiramente altruístas. Unha persoa planta unha árbore para os seus fillos, os seus netos ou os fillos dos seus netos, pero non para si mesma”.

Seymour, 1983.